



Páx 2-6

DÍA DA GALIZA MÁRTIR

Páx 7

PONTEVEDRA

- Feira Franca
- Avanza o Centro Cultural de Salcedo

Páx 8

PONTEVEDRA

Visita ás obras realizadas en Mourente

Páx 9

PONTEVEDRA

Máis investimentos no rural pontevedrés

Páx 10

PONTEVEDRA

Luz sobre o Castro das Croas

Páx 11

MORAÑA

O PP pretende asfaltar a Carballeira Vella

CONTRACAPA:

FEIRA FRANCA



Todos somos elas

Revírate contra a violencia machista !!!

Discurso pronunciado por Luís Bará no Día da Galiza Mártir

A Galiza mártir no ronsel do porvir

*Unha vez, en Galicia,
a paixón chamouse coma ti,
e a luz chamouse coma ti
e o vento tamén se chamou coma ti.*

*Entón houbo paixón
no peito das xentes sinxelas,
e houbo luz nas noites tebregosas,
e houbo vento a ondear
as bandeiras da liberdade*

Do poema "Envío para Alexandre Bóveda dende 1979". Fiz Vergara Vilariño

En decembro de 1941, a Irmandade Galega de Buenos Aires, presidida por Antón Alonso Ríos, instituíu a data do 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos, simbolizando na figura de Alexandre Bóveda a todos os homes e mulleres que foron asasinados por facer ondear as bandeiras da liberdade, da xustiza e do progreso da súa Terra.

Lembraban os exiliados galegos a Alexandre e a todas as vítimas daquel tempo de terror, de pistolas nocturnas, de sangue nas cunetas, de cacería humana. Xentes de toda clase e condición, maiormente a Galiza humilde, a Galiza proletaria masacrada nos cemiterios, nas estradas, nas praias e nas rías.

Como fixeron os exiliados, hoxe nós queremos lembrar o exemplo vizoso da Galiza Mártir, da que sufriu a derrota do xenocidio, do terror, do cárcere, do exilio, e a posterior condena do esquecemento. Temos a obriga de

escribir a Historia con letra verdadeira, para que os seus nomes refulxan en todos os recantos do país.

E o libro da memoria vizosa non poderá ser escrito sen os nomes e as vidas das mulleres asasinadas, martirizadas, marcadas coma animais e expostas na praza para escarnio e vergoña, encerradas na inmensa prisión do franquismo.

*Nunha escolma necesariamente breve, traio aquí o nome de **Carmen Pesqueira, A Capirota**, lavandeira de 29 anos, de Marín, que foi secuestrada, aldraxada e asasinada no Pozo da Revolta, en Mogor, o 11 de agosto de 1936. Conta a memoria oral que Carmen tivera a coraxe de increpar ao matarife Bruno Schweiger mentres mallaba nun home que non fixera o saúdo fascista. O corpo de Carmen foi trasladado nunha camioneta a Bueu e exposto publicamente para escarnio e terror.*



O nome de **María Vázquez**, mestra de Miño, de 41 anos, detida na Coruña a comezos de agosto e trasladada ao cárcere de Pontedeume. Conducida o 19 de agosto ata Miño por un grupo de falanxistas e gardas civís, que a asasinaron na praia de Bañobre.

O nome de **Rosario Hernández, A Callesa**, vendedora de xornais de 19 anos, de Vigo, detida, torturada, violada e salvaxemente mutilada por un grupo de falanxistas que fondearon o seu corpo atado a unha prancha de ferro, perto das Cíes.

Os nomes de **Consuelo Acuña**, de 60 anos, e **Elvira Lodeiro**, de 28, condenadas a morte e fusiladas na Avda de Buenos Aires, en Pontevedra, en decembro de 1936.

O nome en fin de **Lola Cerqueiro**, de Vila-boa, rapada, secuestrada de noite e paseada espida e violada por ser filla dun dirixente obreiro que estaba agachado. Lola nunca superou o trauma, pechouse na casa, incomunicada, derrotada, sometida polo medo e a vergoña.

Quixeron facelas desaparecer do mundo e da historia, mais hoxe están con nós e con nós fican para sempre.

Coma o ronsel interminábel de vítimas -moitas delas sen nome, sen tumba, sepultadas no silencio da Historia- que estarán sempre en nós. Que están en nós, porque existen lugares coma este, por actos coma o de hoxe. Por todo o inxente labor de décadas de colectivos e persoas que a partir de xullo do 36 comezaron a erguer o memorial da dignidade da Galiza Mártir.

E porque existen lugares da memoria –que lembran as vítimas e denuncian os crimes impunes. Lugares coma a Cruz da Maceira, entre Marín e Moaña, profanado fai uns días –é a segunda vez- con un aguilucho negro e unha bandeira rojigualda. Un atentado que é posíbel porque o fascismo está aí, en mentes degradadas, alentado pola ultradereita mediática e política, pola permisividade dun goberno cómplice e unha lexislación que mantén na impunidade os asasinados e a súa ruína descendencia.

Nestes tempos en que está de moda o inmediato, o efémero, o light, o fácil, o breve, o tuit, o clic, semella un esforzo baldeiro mirás atrás, saber de que mundo silenciado vivimos.

Mais os homes e mulleres que estamos hoxe

aquí, as organizacións e colectivos que estamos aquí presentes, sabemos da importancia de exercer a memoria, de coñecer o pasado, de instaurar a verdade, de reclamar xustiza, de impugnar a amnesia da transición, de condenar a barbarie e pedir reparación para as vítimas e as súas familias. É unha causa da maior transcendencia, aínda que vaia en contra do signo dos tempos, aínda que non sexa cómoda nin rendíbel.



Hoxe é un día de memoria e de orgullo. O orgullo de facer brillar a luz de Alexandre Bóveda e partillar cada unha das súas loitas, cada unha das súas arelas, de celebrar a súa entrega absoluta, a avinza de lealdade e compromiso inquebrantábel que non deixou. Todo o que comezou a construír e que non acadou a ver en vida, porque era semente para o porvir.

O recoñecemento político de Galiza como nación, a grande batalla do Estatuto do 36, truncada polo fascismo. A organización do nacionalismo nun proxecto político que rexurdiu das cinzas e que volveu facer ondear as bandeiras da defensa da Terra, da liberación nacional, da xustiza e a solidariedade. Un nacionalismo situado na esquerda, multiplicado nas loitas agrarias, obreiras, de defensa da lingua e da cultura, nas mobilizacións a prol do territorio fronte a toda clase de agresións.

Un nacionalismo con clara vocación interna-

cionista, comprometido con todas as causas da xustiza e da liberdade, solidario con todos os pobos do mundo que son negados e oprimidos. E se hai unha terra mártir hoxe no mundo o seu nome é Palestina, é Gaza convertida nunha xigantesca cadea, arrasada por un Estado criminal co visto e prace do Pentágono e da Casa Blanca do Yes, we can, mentres a Unión Europea mira vergoñosamente para outro lado, ou mellor dito mira para a balanza comercial e os beneficios das armas vendidas a Israel, as armas que masacran o pobo palestino.

Tamén na nosa Terra hai un pobo mártir, unha Galiza Mártir, obxecto dunha ofensiva brutal dos grandes poderes económicos, unha ofensiva que se manifesta con unha violencia extrema contra o noso país e contra as clases populares. E deixémolo claro, contra as clases populares, auténticas vítimas do expolio material e de dereitos, non ese novo fetiche da evanescencia triunfante, a “cidadanía”. Que demo é a cidadanía senón unha trampa verbal que iguala, que confunde, que somete e que asoballa.

**nación, clase, xénero
seguen sendo
hoxe ferramentas
imprescindibles para
actuar na realidade e
para transformala en
beneficio da maioría.**

Non vemos por ningún lado a necesidade de renunciar a determinadas palabras, por máis que parezan gastadas ou pasadas de moda: nación, clase, xénero seguen sendo hoxe ferramentas imprescindibles para actuar na

realidade e para transformala en beneficio da maioría.

A dereita gobernante en España e en Galiza, herdeira ideolóxica e biolóxica do franquismo, está a desenvolver un completo arsenal lexislativo –camuflando na trampa burda das reformas- que pretende derrubar conquistas históricas da clase traballadora como a negociación colectiva ou o dereito á folga.

A mesma dereita que se nega a condenar o franquismo, que consinte –por acción ou omisión- vergoñentos ataques á dignidade das vítimas como o da Cruz da Maceira, utiliza a fiscalía e a policía para perseguir e condenar a sindicalistas que defenden os intereses dos traballadores.

É a mesma dereita reaccionaria e ultracatólica que pretende aniquilar logros históricos das mulleres como o dereito a decidiren sobre o seu propio corpo, o dereito ao aborto.

Compañeirás e compañeiros, estamos a vivir un momento histórico crucial, un tempo de emerxencia nacional e social que precisa de coraxe e claridade de ideas para facerlle

Vivimos un tempo de emerxencia nacional e social que precisa de coraxe e claridade de ideas para facerlle fronte, a mesma coraxe e claridade coa que actuou Alexandre Bóveda.

fronte, a mesma coraxe e claridade coa que actuou Alexandre Bóveda.

Porque son tamén tempos de confusión, no que abrollan respostas fáciles para realidades complexas, tempos de ilusións coma a de exercer a militancia política a golpe de clic e de tuit. Lembrade en que acabaron as chamadas “revolucións da primavera árabe” –Túnez, Libia, Exipto...- forxadas co suposto poder liberador e democratizador da internet.

Sabemos da forza ilusionista dalgunhas palabras baleiras e da profunda decepción á





que levan, até converterse en campo de cultivo para a antipolítica, terreo abonado para os populismos redentores e para o fascismo.

Tampouco valen os atallos dos que renegan da propia historia, dos que procuran o camiño fácil dunha marca nova, unha onda á que subir para ser arrastrados pola corrente e polo ventos favorábeis.

O nacionalismo galego, fundamentado nos rexos alicerces dun século de historia, é un proxecto histórico, un proxecto con pasado e con porvir, mais alá das continxencias deste tempo de mudanzas e de vaivéns.

É un programa de liberación nacional de Galiza que debe ter continuidade e futuro, con identidade e perfil propio, coas actualizacións que sexan precisas, neste século en que o mapa político de Europa vai cambiar coa emerxencia de novos actores e novos Estados.

O nacionalismo galego é un proxecto histórico, un proxecto con pasado e con porvir, mais alá das continxencias deste tempo de mudanzas e de vaivéns

O nacionalismo galego é un proceso de transformación, de construción dunha sociedade baseada na equidade e na xustiza, o que quer dicir que debe estar ao servizo da maioría social e das clases populares e en contra dos privilexios dunha minoría.

É un proxecto nidiamente laico e republicano, que pula por construír a República Galega, a patria soberana que alumearon xuntos, aquí en Pontevedra, Castelao e Bóveda.

A memoria de Alexandre Bóveda, a súa vida exemplar e a súa morte inxusta, merecen que esa luz da nación soberana, solidaria e xusta, siga brillando ata o fin dos tempos, polo ben de Galiza.

E vai brillar, porque nós queremos.

Viva Alexandre Bóveda

Viva o exemplo e a memoria da Galiza Mártir

Viva Galiza Ceibe

CLICA NO ENLACE PARA VER O VIDEO REALIZADO POR GZ VIDEOS

<https://www.youtube.com/watch?v=ZC0Np7xNiYs>



A cidade engalánase para a Feira Franca

Estamos xa na conta atrás para a festa máis multitudinaria e participativa de cantas se celebran na cidade do Lárez, a Feira franca, adicada este ano á astronomía. Coa Feira Franca péchase o telón a dous meses intensos de actividades para todos os gustos e para todas as idades. Dous meses onde a grande participación nas actividades foi a nota dominante, coa conseguinte repercusión no tecido económico da cidade.

26 entidades e asociacións participarán nesta Feira Franca tanto na xornada do venres, 5 de setembro como do sábado, Música e danza medieval, exhibicións de esgrima e tiro con arco, de cetrería, confección de papel vexetal, obradoiros de escritura medieval, torneos medievais, obradoiros de astronomía, e moita animación de rúa con teatro, música, cantares de cego, cantigas de Alfonso X, entre outras son as ofertas para esta edición.

Un ceo para mil culturas

A Feria Franca arrancará o venres 5 de febreiro cos bailes medievais na praza do Teucro para continuar na praza da Ferraría co espectáculo inaugural: “Un ceo para mil culturas” , a cargo das compañías Kull D’sac e Troula.

O sábado 6 é festa rachada en toda a vila de Pontevedra, comezando ás 11:30 h co transporte do viño dende Santa Clara até as 23 horas en que está previsto a última das actuacións previstas pola organización da Feira Franca.

Investiranse case 780.000 euros

Avanza o Centro Social de Salcedo

O Concello de Pontevedra celebrou a primeira xuntanza da mesa de contratación para a adxudicación do novo Local social da parroquia de Salcedo. O prezo de licitación é de **778.522 euros**, que se financian en dúas anualidades, sendo para este ano 300.000 euros. Nove empresas presentáronse a esta licitación.

O Local social terá unha superficie construída de 650 metros cadrados e contribuirá a conformar o núcleo de centralidade parroquia nesta zona onde xa se atopan os colexios, a Casa da música, a Casa do monte e o novo parque infantil. Tamén está a carón da Igrexa e do cemiterio parroquial. O proxecto foi negociado dende o primeiro momento co Consello parroquial incluíndo as peticións da plataforma constituída con posterioridade ao primeiro proxecto. Inclúe zonas de estancia, reunións, baños, espazo para obradoiros, e dúas salas amplas con paredes móbiles que permitirá crear un espazo de escenario e platea, no caso de darse unha representación.

O concelleiro delegado da parroquia, o noso compañeiro Demetrio Gómez, explicou que se trata dun Centro social ambicioso “polo prezo, pola funcionalidade, polos avances técnicos e pola capacidade do edificio”.



Visita ás obras de Mourente

O alcalde e o concelleiro delegado da parroquia de Mourente, o noso compañeiro Miguel Figueira visitan mércores 27 de agosto diversas obras executadas na parroquia de Mourente e valoradas en algo máis de 900.000 euros. Os nosos compañeiros foron en todo momento acompañados por membros do Consello Parroquial e da veciñanza de cada un dos lugares.

A visita comezou pola pista de **Carabelos** onde o concello fixo unha urbanización completa (repavimentación e recollida de pluviais) por valor de 30.000 euros. Tamén visitaron o **lugar da Condese** para ver as obras de saneamento que se fixeron no lugar, un dos poucos que quedan por canalizar na parroquia de Mourente. O investimento na Condese foi de 45.000 euros.

O proxecto de maior contía foi a rehabilitación integral da **estrada que sobe á igrexa de Mourente**. Foi unha obra que incluíu a canalización de pluviais, repavimentación,

retirada de elementos obsoletos, entre outros, que tivo que facer por fases. O investimento final foi de 600.000 euros.

A visita continuou ás 20.30 horas pola **rúa das Viñas** onde tamén se fixeron traballos de rehabilitación por 8.000 euros, pero que resolve graves problemas para os veciños do lugar.

O **lugar de Moldes** e **os Areás** foron os últimos lugares da visita. No primeiro fíxose un investimento de 180.000 euros para instalar o saneamento no lugar así como a canalización de augas pluviais, ambas obras moi importantes na zona.

Nos Areás, onde concluiu esta ronda, visitouse a recentemente remozada área de lecer do parque do Areás, onde se instalaron distintas pistas e espazos de xogos populares, xa que se trata dun espazo de encontro veciñal e de centralidade parroquia. O investimento foi de 40.000 euros.

Máis investimentos no rural pontevedrés

A Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra aprobou novos investimentos para as parroquias por valor de 340.000 €. Deste xeito continúaase co esforzo de investimento que se está a facer durante este mandato no rural.

O primeiro dos proxectos aprobados foi o novo **Centro Cultural de Tomeza**, que vai estar na antiga escola de Lusquiños. Esta reforma, conta cun orzamento de 135.000 € e foi aprobada previamente no Consello Parroquial, vai permitir recuperar integramente un edificio do que até agora so se podía usar unha aula e que quedaba claramente pequeno. Por outra banda, falamos dun espazo ben querido en toda a parroquia por canto a única aula que se utilizaba fora rehabilitada tras unha loita conxunta da ANPA e a CIG Ensino para dar ás crianzas un espazo digno para o ensino. Ao ano seguinte de recuperar a escola, a Xunta do PP de Feijoo pechou o centro.

A Xunta de goberno tamén aprobou a **reforma integral da Rúa das Rociñas, en Verducido**, un vial interior da parroquia que fora tamén demandado no Consello Parroquial e que conta cun orzamento de 130.000 €. Esta é unha obra de grande dificultade técnica por canto a vía atravesa unha vaguada e leva un tratamento especial das augas para aumentar a duración do firme.

Por conta da empresa adxudicataria, van realizarse dúas melloras. Por unha parte auméntase en dous centímetros a capa de rodadura e, pola outra, constrúense dous lombos que garanten unha maior seguridade para a veciñanza. Cómpre destacar que, aínda que a lei non o esixe, o Concello de Pontevedra reclama a oferta de melloras por parte das empresas para adxudicar os traballos.



Estas dúas actuacións comezarán a executarse nos primeiros días de setembro.

Por fin, na mesma sesión da Xunta de goberno, aprobouse o proxecto de **mellora e aforro enerxético no alumeado do campo da festa de Marcón**, iniciativa tamén aprobada previamente no Consello Parroquial. Neste caso van substituírse as actuais farolas por outras 18 de maior calidade e con lámpadas de led que, tras o investimento inicial de 75.000 €, van permitir un importante aforro enerxético e unha moito menor contaminación lumínica. Tamén este é un proxecto moi querido en Marcón: as actuais farolas foran un escándalo (con pitada incluída á comisión e aos concelleiros do PP o día das festas) porque un espazo tan emblemático fóra tratado con farolas que se quitaban da cidade. Eran outros tempos, cando os veciños non tiñan participación nas decisións e o rural se trataba como o patio de atrás.



Luz sobre o Castro das Croas

O Castro das Croas é un dos máis antigos que se coñecen e o proxecto da súa recuperación é a actuación estrela do plan de recuperación do patrimonio pontevedrés, pois afecta ao que considera a “milla de ouro” do patrimonio rural, ao coincidir un “conxunto de bens moi valiosos” nun espazo reducido, dende elementos de arte rupestre catalogados á Vía Romana XIX, o terreo da Misión Biolóxica de Galicia no antigo Pazo de Gandarón ou os muíños do Batán e o Castro das Croas.

Para recuperar esta “milla de ouro” resulta fundamental a colaboración do movemento social e veciñal de Salcedo. De feito, o alcalde de Pontevedra visitou o espazo arqueolóxico xunto aos concelleiros Demetrio Gómez e Anxos Riveiro e representantes da Comunidade de Montes e da Asociación de Veciños Heroes do Campo da Porta.

Fernández Lores indicou que os traballos que se iniciaron dáse “continuidade ás escavacións que nos anos 90 iniciou o arqueólogo Antonio de la Peña e que ficaron a medias”. Agora, o principal “é datar o xacemento, poñelo en valor e dalo a coñecer a veciños e visitantes”.

Os traballos resultarán máis complicados e suporán un maior esforzo debido a que nesta zona se fixeron recheos cando se construíu a autoestrada AP-9. O alcalde indicou que as tarefas se levarán a cabo “con calma, porque o importante é traballar na recuperación do patrimonio arqueolóxico e etnográfico do rural para que todos os pontevedreses coñezan o seu entorno e poidan gozar del”.

Os traballos iniciáronse na zona baixa do xacemento, onde se atopa a gran muralla que rodea o castro. O arqueólogo Eduardo Méndez indicou que as escavacións comezan neste lugar para deixar o espazo visible e poder conseguir algún material que permita datalo. Despois, trasladaranse á parte alta do monte, onde nos anos 90 se descubriu parte dunha cabana, que é o máis interesa aos especialistas neste momento.

Méndez lembrou que os castros de maiores dimensións,

como os de Santa Tegra ou de San Cibrán de Laxe son dunha fase tardía, cando chegaron os romanos. Sen embargo, coidase que o Castro das Croas de Salcedo pode ser dos máis antigos (sobre 2.700 anos), tanto pola extensión que ten (aproximadamente unha hectárea) como polo tipo de vivenda. Os traballos que se farán durante os vindeiros días desvelarán os segredos que agocha este xacemento arqueolóxico.

Os traballos prolongaranse durante varias semanas e teñen un presuposto de 28.000 euros financiado polo Concello de Pontevedra con achega de fondos europeos Leader.

Popularizando o Castro das Croas

Para reforzar o carácter aberto e participativo do proxecto, durante a escavación organízanse diversas actividades para dar a coñecer o xacemento e o proceso de estudo e escavación.

- Visitas guiadas: tiveron lugar o martes 26 e xoves 28 de agosto
- Voluntariado (participación nos traballos de escavación arqueolóxica). Luns 1 e 2 de setembro de 10 a 12 h.
- Acto de peche da campaña de escavación: Venres 12 de setembro ás 20 h.

Para a actividade de voluntariado, é preciso inscribirse no concello (Michelena, 30-3o) ou no correo electrónico patrimoniocultural@pontevedra.eu

O PP pretende asfaltar a carballeira da Feira Vella

O pasado mes de xullo coñeciamos que a Deputación de Pontevedra concedeu 61.000 € ao Concello de Moraña para urbanizar e construír aparcadoiros no contorno do Centro de Saúde de Santa Lucía.

Consultado o expediente e o correspondente proxecto atopámonos con que a actuación consiste no asfaltado directo da coñecida como Carballeira da Feira Vella.

O BNG considera esta actuación un despropósito e unha agresión directa a un entorno que precisa doutra actuación de recuperación e preservación polo seu valor medioambiental, paisaxístico e natural, ao tratarse dunha carballeira que mantén carballos en bo estado e de bo porte. Unha das poucas carballeiras integradas e próximas ao espazo urbano de Santa Lucía que precisa dunha protección absoluta e de cuidados exquisitos para manter este patrimonio ambiental que nos deixaron os nosos antepasados.

O PP de Moraña segue coa súa política de chapapote para todo, sen estudar outras alternativas ou posibilidades de actuación para un entorno como o da Carballeira da Feira Vella.

Esta é a política urbanística do PP, sen ideas, sen respecto polo medio ambiente, e sen reparo en tirar co asfalto polas carballeiras, mentres outros camiños seguen a manter unha deficiencias inaceptables.

O BNG considera necesario redifinir o proxecto e as actuacións a levar a cabo no entorno da Carballeira

da Feira Vella, precisamente para non cair nos graves erros que xa se teñen cometido no noso concello ao asfaltar carballeiras e outros espazos de valor ambiental.

Alén disto, o BNG cuestiona esta actuación porque no PXOM vixente na zona na que se propón actuar está clasificada como ordenanza 5 (ZONA VERDE) e, polo tanto, non se pode admitir o asfaltado indiscriminado desta zona. Ademais non se pode pasar por alto que no PXOM aprobado inicialmente pola Corporación Municipal (co voto en contra do Grupo Municipal do BNG) incorporase a citada carballeira ao Solo Urbanizábel non delimitado (SUDN-01) para desenvolver no futuro, polo que dadas as circunstancias de trámite do PXOM sería unha actuación absolutamente irregular promovida polo propio Concello dado que a anuncio da aprobación do novo PXOM (DOG 3/2/2014) establece a suspensión de licenzas nos ámbitos en que as determinacións do novo planeamento supoñan modificación da ordenación urbanística vixente.

Ante esta circunstancia o BNG promoveu unha moción ante a Corporación Municipal do Concello de Moraña para instar ao goberno municipal para que rectifique a proposta de asfaltado da Carballeira que figura no proxecto e para que se estuden outras alternativas, ademais de solicitar un informe dos servizos municipais para que acrediten a cabida da actuación ao abeiro da normativa urbanística aplicábel.





Festa de Interese Turístico de Galicia

xv

Feira Franca

Al astronomía



pontevedra
5 e 6 setembro 2014



www.feirafranca.info